

# O reinado de Isabel II

## ~ Evolución política ~

*Contidos útiles para os temas 4, 8, 9, 10 e 11*



Fases do reinado de Isabel II

# Fases do reinado de Isabel II

- **Rexencia de María Cristina**
- **Rexencia de Espartero**
- **Década moderada**
- **Bienio progresista**
- **Hexemonía da Unión Liberal**






# A rexencia de María Cristina (1833-1840)

# A rexencia de María Cristina


- **María Cristina ocupou a rexencia** desde a morte de Fernando VII, e nomeou un goberno absolutista.
- As únicas **reformas** levounas a cabo **Javier de Burgos**, ministro de Fomento. Destaca a **división provincial de 1833** (en xeral, aínda vixente hoxe en día).



# A rexencia de María Cristina



# A rexencia de María Cristina




# A rexencia de María Cristina

- **Carlos de Borbón reclamaba o trono**, apoiado polos partidarios do absolutismo.
- **O inicio da Primeira Guerra Carlista** obrigou a María Cristina a apoiarse nos liberais, que reclamaban a convocatoria de Cortes (aínda que a rexente era pouco partidaria destas teses).



# A rexencia de María Cristina

- A rexente chama a Martínez de la Rosa para formar goberno. Este executivo será o que concibirá o **Estatuto Real de 1834**, que era unha “carta outorgada”.
- Significaba unha convocatoria a **Cortes bicamerais** que só lexislaría a iniciativa do rei, e onde o monarca depositaría unha **soberanía** que era súa. O sufraxio sería moi restrinxido.




# *\* O Estatuto Real de 1834 \**

- **Art. 2.** As Cortes xerais compoñeranse de dous Estamentos: o de Prínceres do Reino e o de Procuradores do Reino.
- **Art. 6.** A dignidade de Príncipe do Reino é hereditaria nos Grandes de España.
- **Art. 7.** O Rei elixe e nomea os demais Prínceres do Reino que teñen dignidade vitalicia [...].
- **Art. 24.** Ao Rei toca exclusivamente convocar, suspender e disolver as Cortes [...].
- **Art. 30.** As Cortes non poderán deliberar sobre ningún asunto que non se sometese expresamente ao seu exame en virtude dun Decreto Real.
- **Art. 32.** Queda, non obstante, expedito o dereito que sempre exercitaron as Cortes de elevar peticións ao Rei [...].

# A rexencia de María Cristina

- **As reformas non satisfacían** aos liberais doceanistas, mentres que para os absolutistas eran intolerables.
- **As tensións** entre goberno e Cortes volvéronse tensas, e varios sucesos aumentaron a crispación: guerra civil, epidemia de cólera, matanza de frades...



# A rexencia de María Cristina

- O **conde Toreno** liderou un novo goberno desde 1835, e aplicou importantes reformas coa axuda de **Juan Álvarez Mendizábal**.
- A “**revolución de 1835**” levou ao enfrontamento directo coa Igrexa, tras obrigar á exclaustración de todos os frades e a expulsión dos xesuítas.



# A rexencia de María Cristina

- Entre 1835 e 1837 consumouse a **transición política cara ao sistema liberal**. Mendizábal propuxo pagar e gañar a guerra coa **desamortización eclesiástica**.
- A **desamortización de Mendizábal** fíxose só sobre os bens eclesiásticos, co obxectivo de crear unha clase de novos propietarios afíns á causa liberal e sanear a débeda, pero fracasou.



# A rexencia de María Cristina

- A falta de cambios políticos levou aos progresistas a realizar pronunciamentos. Coseguirán o seu obxectivo co “**motín dos sarxentos de La Granja**” de 1836.
- O goberno progresista restableceu parte da lexislación das Cortes de Cádiz e democratizou a política local ao facer elixibles os concellos por sufraxio universal masculino.



# A rexencia de María Cristina

- As Cortes aprobaron unha nova **Constitución** en xuño de 1837.
- Tiña un **carácter progresista**, aínda que buscaba o consenso entre os liberais, para o que introduciu cambios con respecto á de 1812:
  - ✓ **Reforzouse a Coroa**: soberanía compartida, dereito de veto...
  - ✓ As Cortes eran **bicamerais**: Congreso dos Deputados e Senado.



# *\* Constitución de 1837 \**

- **Art. 2.** Todos os españois poden imprimir e publicar libremente as súas ideas sen previa censura [...].
- **Art. 4.** Uns mesmos códigos rexerán toda a Monarquía, e neles non se establecerá máis ca un só foro para todos os españois nos xuízos [...].
- **Art. 11.** A Nación obrígase a manter o culto e os ministros da Relixión Católica que profesan os españois.
- **Art. 12.** A potestade de facer as leis reside nas Cortes co Rei.
- **Art. 13.** As Cortes compóñense de dous corpos lexisladores, iguais en facultades: o Senado e o Congreso dos Deputados [...].
- **Art. 45.** A potestade de facer executar as leis reside no Rei [...].
- **Art. 46.** O Rei sanciona e promulga as leis.

# A rexencia de María Cristina

- A **lei electoral de 1837** tivo un carácter moderado, cun sufraxio censitario no que só os maiores contribuíntes teñen dereito a voto.
- Inaugurouse unha práctica estendida durante todo o século XIX, o **falsamento dos resultados electorais** e o control do proceso por parte do goberno.




# A rexencia de María Cristina

- Os **moderados** gobernaron de 1837 a 1840, cambiando o espírito da Constitución.
- A influencia dos espadóns Narváez e Espartero desembocou nun caos político. Finalmente, ante as tensións existentes, **María Cristina de Borbón tivo que renunciar á rexencia e marchou cara o exilio.**



# A rexencia de María Cristina

- Todo este período non se entende sen a **Primeira Guerra Carlista**, que tivo lugar de 1833 a 1839/1840.
- A guerra iniciouse tras a morte de Fernando VII, e enfrontou aos partidarios de Isabel II (maioritariamente, os liberais) e os de Carlos de Borbón, irmán do rei (os absolutistas).




# A rexencia de María Cristina




# A rexencia de María Cristina

- Na **primeira fase da guerra (1833-1835)** formáronse dúas grandes zonas de guerra aberta no norte. Destacará Zumalacárregui, cuxa morte porá fin a esta fase.
- Na **segunda etapa (1835-1837)** a conflictividade expándese por toda España. Destacaron as expedicións carlistas do xeneral Cabrera.



# A renúncia de María Cristina





# A rexencia de Espartero (1840-1843)

# A rexencia de Espartero

- **Espartero foi nomeado rexente** en 1840 debido ao seu prestixio militar e pola súa condición de líder político progresista.
- Nunca tivo maioría no Congreso, foi moi **autoritario** e recorreu aos moderados para aprobar leis cando os progresistas non o apoiaron.



# A rexencia de Espartero

- Espartero esixiu ser rexente único, o que conseguiu co apoio dos moderados e os “ayacuchos” (militares que loitaron con el en América).
- Impulsou a venda de bens do clero secular e apostou polas políticas librecambistas. Isto levou a un fracasado levantamento moderado.




# A rexencia de Espartero

- A **crise da rexencia de Espartero** iniciouse en 1842, nun contexto de reducido apoio parlamentario e illamento internacional.
- As protestas de sector téxtil catalán polas políticas librecambistas levou ao **bombardeo de Barcelona** en outono de 1842, con centenaes de feridos.




# A renexencia de Espartero



# A rexencia de Espartero

- Estas accións levaron á perda de apoios do rexente, que ademáis perdeu as eleccións. Por toda España extendeuse a inestabilidade.
- Progresistas e moderados, liderados por Narváez, enfrontáronse a Espartero, que renunciou á rexencia e **exiliouse**. Esta situación obrigou a **adiantar a maioría de idade da raíña Isabel II**, de só 13 anos.





# A Década Moderada (1844-1854)

# O sistema de partidos

- Os cinco **grandes grupos políticos** durante o reinado de Isabel II foron o carlista, o moderado, a Unión Liberal, o progresista e o demócrata.
- Non eran partidos políticos como os actuais, senón **agrupacións de notables** (persoas influentes) con tensións internas e enfrontamentos entre os seu líderes. Estaban moi ligados á súa prensa afín.



# O sistema de partidos

- **O sistema político** do reinado de Isabel II tiña como características:
  - ✓ Práctica electoral sometida á corrupción e o arranxo.
  - ✓ Influencia decisiva dos líderes dos grupos políticos.
  - ✓ Retraemento á hora de participar nos comicios.
  - ✓ Emprego de elementos simbólicos de raíz histórica.




# O sistema de partidos

- A **escasa participación electoral** facía o **pobo un mero espectador** da vida política, e os partidos tiñan escaso contacto coa realidade.
- O **sistema electoral**, sempre ao servizo do goberno, era **moi restrictivo**, polo que a porcentaxe de votantes oscilou entre o 0'1 e o 25% dos españois.



# O sistema de partidos

**ESTÁNDAR 22.-** Describe las características de los partidos políticos que surgieron durante el reinado de Isabel II.



# A maioría de idade de Isabel II

- Ao mesmo tempo que se desmantelaba o influxo de Espartero, decidiuse adiantar a **maioría de idade de Isabel II**, que xurou o cargo de raíña aos 13 anos.
- Olózaga foi presidente brevemente, sendo substituído por González Bravo, baixo cuxo mandato se crea a Guardia Civil (1844).



# Os gobernos do xeneral Narváez

- Durante a “Década moderada” **Narváez** presidiu catro gobernos entre 1844 e 1850, e foi substituído despois por González Bravo. A inestabilidade dentro dos moderados foi constante.
- Narváez modelou un **Estado centralizado e uniforme** a través dunha prolixa lexislación.



# Os gobernos do xeneral Narváez

- **Suspensión da venda dos bens amortizados**, e devolución dos que non se venderan.
- Creación dun **novo modelo educativo** (o “Plan Pidal”), con tres niveis (primaria, secundaria e universidade).
- **Novas leis de administración local e provincial**, que permitiron ao goberno ter o control do poder local.



# Os gobernos do xeneral Narváez

- Unha nova **lei de Facenda** que simplificou o sistema tributario.
- Creouse unha **Comisión Nacional de Codificación** da que xurdiron os códigos fundamentais da nova administración.
- Nova administración, aumentando o número de funcionarios. Moitos deles cambiaban segundo o goberno, introducindo as **cesantías**.



# Os gobernos do xeneral Narváez

- Destaca a nova **Constitución de 1845**, de corte moderado.
  - ✓ Soberanía compartida Rei - Cortes.
  - ✓ Unidade católica de España.
  - ✓ Sufraxio censitario.
  - ✓ Supresión da Milicia Nacional.
  - ✓ O Senado pasou a ser enteiramente por designación real.



# *\* Constitución de 1845 \**

- **Art. 11.** *A Relixión da Nación española é a católica, apostólica, romana. O Estado obrígase a manter o culto e os seus ministros.*
- **Art. 14.** *O número de Senadores é ilimitado: o seu nomeamento pertence ao Rei.*
- **Art. 22.** *Para ser Deputado requírese ser español do estado segrar, ter feitos os vinte e cinco anos, gozar a renda procedente de bens raíces, ou pagar por contribucións directas a cantidade que a lei electoral esixa [...].*
- **Art. 35.** *O Rei e cada un dos corpos colexisladores teñen a iniciativa das leis.*

# Os gobernos do xeneral Narváez

- Tras un breve goberno de Pacheco, Narváez formou outro executivo, que creou os **gobernadores civís** e perfeccionou o **sistema de corrupción electoral**, e se enfrontou a conatos revolucionarios.
- Durante a **Segunda Guerra Carlista** (1846-1849) aumentou o autoritarismo de Narváez, convertido en ditador, e que exerceu unha dura represión.



# O goberno de Bravo Murillo

- O novo goberno de Bravo Murillo centrouse en sanear a débeda pública e na modernización da administración.
- Asinouse o **Concordato de 1851** coa **Santa Sé**, restablecendo as relacións entre ambos Estados: a Igrexa asumía as desamortizacións, mentres que recibía beneficios: oficialidade do catolicismo, sostemento do culto, adecuación do sistema educativo á mora católica...



# O goberno de Bravo Murillo

- O fracaso da reforma **constitucional** e a desconfianza da raíña fixeron dimitir a Bravo Murillo, ao que sucederon tres gobernos inestables.
- O clima político era insostible, con moitos casos de corrupción, a prohibición da difusión de moitas noticias... Neste clima fraguouse a sublevación de 1854.






# O Bienio Progresista (1854-1856)


# A revolución de 1854

- Co pretexto da inestabilidade, os xenerais Dulce e O'Donnell levantáronse en Madrid, aínda que foi en Vicálvaro onde houbo un enfrontamento militar (por iso se chamou “**Vicalvarada**” ao golpe).
- Déuselle ao pronunciamento un xiro civil co **Manifiesto de Manzanares**, no que se pedía unha “rexeneración liberal” progresista.



# A revolución de 1854

- O pronunciamento clásico derivará nunha revolución, que incluíu unha pequena batalla urbana en Madrid.
- Cando a situación se calmou, formouse unha Xunta Superior en Madrid, formouse a Milicia Nacional e a cidade esperou á chegada triunfante de Espartero desde o exilio.



# O goberno do bienio progresista

- A “Lei Madoz” foi o **segundo gran proceso desamortizador**. Afectou a bens da igrexa e municipais, o que deixou sen terras a moitos campesiños. Provocou a ruptura coa Santa Sé e levantamentos carlistas.
- Outra cuestión era a **débeda pública**, que xerou impagos e un gran descontento social. Espartero tivo que dimitir e foi substituído por O'Donnell.




# Constitución de 1856 e crise do bienio

- Durante o Bienio Progresista elaboráronse outras moitas leis, como a “Lei do ferrocarril”.
- Nestes anos ampliouse o panorama político, coa aparición da **Unión Liberal** de O'Donnell, un partido político de centro. Á dereita do espectro político estaban os carlistas e os neo-católicos, e á esquerda os demócratas (partido fundado en 1849).



# Constitución de 1856 e crise do bienio

- Destacou a redacción por parte das Cortes dunha **nova Constitución, a de 1856**. É coñecida como a “**non nata**” (é dicir, “non nacida”) porque non chegou a entrar en vigor.
- De espírito progresista, defendía a soberanía popular, un Parlamento bicameral, recuperaba a Milicia Nacional e defendía a liberdade de imprenta, a elección directa de alcaldes, a liberdade relixiosa...



# *\* Constitución de 1856 “non nata” \**

- *Art. 1. Todos os poderes públicos emanan da Nación, na que reside esencialmente a soberanía, e polo mesmo pertence exclusivamente á Nación o dereito de establecer as súas leis fundamentais.*
- *Art. 3. Todos os españois poden imprimir e publicar libremente as súas ideas sen censura previa [...]*
- *Art. 14. A Nación obrígase a manter e protexer o culto e os ministros da relixión católica que profesan os españois.*
- *Art. 15. A potestade de facer as leis reside nas Cortes co Rei.*
- *Art. 16. As Cortes compóñense de dous corpos lexisladores, iguais en facultades; o Senado e o Congreso dos Deputados.*
- *Art. 75. [...] Concellos, compostos de alcaldes ou rexidores, nomeados uns e outros directamente polos veciños que paguen contribución directa [...]*

# Constitución de 1856 e crise do bienio

- Neste contexto de cambio, o malestar popular provocado polos impostos e as quintas deu lugar á intervención de O'Donnell, que dissolveu o Parlamento.
- Remataba así o Bienio Progresista e iniciábase unha nova etapa protagonizada pola Unión Liberal.





# A hegemonía da Unión Liberal (1856-1868)

# O retorno do moderantismo ao poder

- O novo governo de O'Donnell **desmantelou o labor político e legislativo do Bienio Progresista** (estado de sitio, disolución da Milicia Nacional, clausura das Cortes, restablecimento da Constitución de 1845), aínda que mantivo algunhas leis progresistas. Por isto foi destituído e substituído por Narváez.



# O retorno do moderantismo ao poder

- Narváez buscaba a volta ao moderantismo máis tradicional e autoritario.
- Destaca a Lei de Instrución Pública (a “Lei Moyano”), a finalización de grandes obras públicas (Canal de Isabel II, primeiro censo oficial, mellora nas comunicacións...).
- A crise de subsistencias e as protestas levaron á caída de Narváez e a volta de O'Donnell.



# O “gobierno longo” de O'Donnell

- Foi unha etapa cunha **estabilidade** pouco común, que se prolongou catro anos e medio, con gran poder para O'Donnell.
- Adoptou un **distanciamento de ambos os extremos políticos**, cunha política económica de liña moderada e ministros tecnócratas.



# O “governo longo” de O'Donnell

- A manipulación electoral deulle unha gran maioría á Unión Liberal, o que garantiu a estabilidade do goberno.
- **A política exterior baseouse no afán de prestixio:** a Guerra de África suscitou un gran fervor patriótico, reincorporouse Santo Domingo e interviuse en México, Conchinchina e Perú (na Guerra do Pacífico).



# O “gobierno longo” de O'Donnell

- Nesta etapa aprobáronse **leis importantes na conformación do novo sistema administrativo**, para mellorar a burocracia. Axudou un liberalismo político e económico cunha cusada tendencia ao intervencionismo.
- A Unión Liberal recrutou entre os altos funcionarios boa parte da súa militancia e cadros dirixentes.



# Narváez e a inestabilidade política

- Ante a **sucesión de gobernos inestables e ineficaces**, Isabel II recurriu de novo a **Narváez**. A intención era que alternaran moderados e unionistas, pero non se cumpriu. Tampouco se integrou aos progresistas na escena política.
- A **grave crise económica de 1866** acelerou a descomposición dun réxime con moitos problemas:



# Narváez e a inestabilidade política

- Da reunificación italiana xurdiu a “**cuestión romana**”, que enfrontou a España e Italia polo apoio español ao papado.
- A raíña estaba moi **desprestixiada**.
- Houbo varias **sublevacións** contra o goberno, como a de Prim ou a do cuartel de San Gil, en Madrid, con apoio popular e exterior. Ambos foron duramente reprimidos.



# Narváez e a inestabilidade política

- En Bélxica os progresistas e os demócratas firmaron o **Pacto de Ostende**, para desalojar do trono a Isabel II. Pouco despois sumaríase ao pacto tamén a Unión Liberal.
- O falecemento de O'Donnell e de Narváez poñía o epitafio ao reinado de Isabel II, que finalizaría coa revolución de setembro de 1868.



# Crise económica e revolución de setembro

- A **crise económica de 1866** afectou a todos os sectores. Destacan as perdas da industria téxtil, da siderurxia e a crise bancaria e financeira, debido sobre todo á “burbulla especulativa” arredor da construción ferroviaria.
- Sumouse tamén unha **crise de subsistencias** que golpeou ás clases máis baixas.



# Crise económica e revolución de setembro

- Ante o perigo de revolución, Prim ideou unha conspiración con outros militares progresistas.
- Preparouse en **setembro de 1868** o pronunciamento, que se iniciou en Cádiz coa sublevación do almirante Topete. Ao grito de “**Viva España con honra**” iniciábase unha revolución, a “**Gloriosa**”, que obrigaría a exiliarse a Isabel II.



# Crise económica e revolución de setembro





Ánimo co estudo!